

un ás escuras cando se achega até esta xente que se mete embaixo da auga pra traballar. D arriba pra abaixo, colocando as pedras e facendo peiraos ou pontes, a amañar barcos que non gustan de asulagar, soterrando os desaugues das cidades -emisarios- ou cebando tamén as vías de varada dos astaleiros, por onde o buque entra a se reparar e sae outravolta ao mar. Son logo os mergulladores, que eles prefiren "ranas" ("¡Eis a ra! / semella un home/a cantar un poema" escribían no Xapón), que labouran en grupos de a dous e en quendas de Catro horas pra esmolecer.

## Obreiros no fondo do mar

Os mergulladores profesionais buscan o recoñecemento social no seu traballo


RAMIRO LEDO CORDERO - VIGO

Coma Aníbal Santiago (buzo), que vai ás poucas achegándose aos 40 anos, que "hai que andar con tino, porque cada 10 metros de fondo a presión aumenta un kilo" (o mesmo que cando a un cativo lle dá por xogar cun vaso dado a volta nunha tina de líquido e non ve por que non vai entrar auga nel; e seica non cae na conta -mellor pra el- de que se fora el mergullador xunta o vaso, cada 10 metros de fondo ficaba a metade de aire no devandito), e que "o sangue vai mudando as proporcións de osíxeno e acumulando nitróxeno", que como perdan o coidado se van ao carallo rápido. Pra iso están o que veñen sendo as "paradas de descompresión".

Descansos pequenos que se precisan facer entre que un vai saíndo á superficie, namáis que pra ir afacendo o corpo aos cambios de presión e non subir de súpeto.

Máis ou menos co mesmo xeito que cocacola toda dunha tacada fai chof e temos que ir despois pasar as mans pola billa. Ou restrega-las no pantalón, no caso.

Comezan novos, pero con cada mergullo no corpo gastan as forzas e acumulan o traballo nos osos. Necroses; perden ouvido; collen reuma... non deberían gostar do tabaco... E quéixanse, claro, do pouco aprecio que posúe o seu traballo; carecen de revisións médicas de balde, de adiantar a xubilación antes dos 65 anos -armar casas pra vellos que andan baixo da auga, no caso-, dun



MIGUEL NUÑEZ

► Os buceadores queixanse porque non se lles recoñecen enfermidades laborais

que ao abrir a botella grande da que cumprir; "emprégase o mesmo rasciro oficialmente nas costas galegas (onde os traballos son moito menos perigosos e precisan afondar menos ao se mergullar) que se vén mantendo nouros países onde se necesitan moitas máis medidas de seguraza". Non entenden que os que mandan os obriguen a se equipar coma astronautas pra agatuar un outeiro. E máis se teñen que pagar eles propios o desorbitado dese adaptacióno.

seguro que se axuste á profesión e da incomprendible inexistencia do recoñecemento de enfermidades laborais. Protestan tamén polo pouco axei-tado da normativa; uns regulamentos "insuficientes, confusos e contradictorios", e que ninguén mira cara a eles á hora de os redactar. Non hai logo diálogo entre as autoridades que escriben a lei e os traballadores que a teñen

Pra ben, debían ser os mesmos armadores os que fornecían os traballos dos recisos e os que irían as condicións as, nunha actividade aí pouco tempo as rexeitaban calquera seguro de vida, nin con sobreprima do cento por cento. Pero "aos xefes abóndalles con lles chegar un compresor -pra respirar- porque é moita inversión os máis de dous millóns de pesetas que pide unha empre-



MIGUEL NUÑEZ



MIGUEL NUÑEZ

Aníbal prepárase denantes de te mergullar e Carlos respira na superficie, logo de dúas horas argallando embaixo da auga.

Sé un buzo (ou non)

Non é logo prato de gusto es-te, nin de disgusto. Gañan ben.

pero "por estirar ao límite o corpo". Se teñen un accidente serio, na Galiza hai só dúas cámaras de descompresión ao seu servizó (no hospital militar de Ferrol e en Ribeira, onde reciben o tratamento de urxencia cando o corpo avisa doente e teñen que ser trasladados en helicóptero. Ali entran na mentada cámara até que os niveis dos gases que gardan

Pra que despois non tusan

Denantes de iniciar a súa actividade de mergulladores, a normativa galega vixente obriga a cada un deles a pasar un exame médico -que teñen que financiar de seu- e que se describe no DOG do 23 de abril de 1999. Neste chequeo de comezo, os buceadores sumétense a un electrocardiograma pra medir a súa capacidade de esforzo, a audiometrías e diversas comprobacións do ouvido, campimetrías, probas de agudeza visual ou de visión de cores, espirometrías -soplan nun aparato que lles mide a capacidade dos pulmóns-, análises de sangue e de mexos e unhas dez radiografías, probas todas coordenadas por un(ha) especialista en medicina hiperbárica. O custe completo aproximado desta revisión, que terán que ir repetindo cada certo tempo, dependendo da evolución de cada buzo, vén xirando ao redor dos 600 euros.

no corpo procura o equilibrio -se aínda non é tarde de todo-) e o risco é morrer, se non xa perder a vida -paraplexia-. Chaman por dignificar a profesión con colectivos propios que regulen os salarios, a operatividade, a propia xubilación e as demais normas laborais e crearon así este pasado mes de xullo o primeiro colectivo de mergulladores galegos PROMEGA (Profesionais do Mergullo Galego), ao que invitan aos marisqueiros da navalla e do ourizo e que xa asociaron á Plataforma de Buceo Profesional que se vén de crear a nivel de Estado...

## Equipo base: dous buzos, mecánico e mariñeiro

O equipo mínimo que un armador precisa contratar fórmora, que se di- daba en coller pedras dous mergulladores, un mariñeiro e do barco e guindarllas enriba ao un mecánico, que se fan amigos e Carlos, que ficaba mergullado a sidan por traballar xuntos no mes-mo nalar cunha boia xusto onde tiña equipo até que se cadra marchan que caer a grava pra logo no fondo por motivos distintos, e mes-mo ila el espallando até nivelar as vías comparten os bocadillos e a de varada. Se llas chegan a botar mascota, seña a Patricia ou outra, todas dunha vez falle dar a risa. por me lembrar da cadela portu- E así, os buzos van ganando guesa aquela que contaron un ho- pan e sal pra non perder as forzas. me de ben deixara por aí perdida Andan cobrando, os contratados - xa vai pra cinco anos e que recibe que son os máis- ao redor das 250 calor dé catro corazóns xuntos. Ta- e as 300.000 pesetas (en euros al- mén Patricia lles colle cariño aos go menos), e os autónomos -pou- seus homes e ouveaba fóra de si ao cos- meten no peto entre 25 e

30.000 por cada día de traballo (igual se coñecen casos dalgún que se leva ben co seguro e apaña vinte millóns por axudar ao reflotamento dun buque traballando arreo un día e medio. De calquera xeito, iso non é tan fetén, que logo agroman amigos de embaixo as pedras e todo o risco escapa xa sabemos todos por onde).

Na Galiza son algo máis de cincuenta, se botamos do saco aos marisqueiros da navalla e do ourizo, que tamén viven de se ocultar ñas pozas e que comparten con eles riscos e inquezanzas.



Carlos Correa, outro buzo, axusta con tino uns parafusos no buque.